



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CARRAL

Modificación de ordenanzas fiscais “Ordenanza reguladora da taxa por instalación das casetas de venda, espectáculos ou atracción situadas en terreos de uso público, así como industria da rúa e ambulantes e rodaxe cinematográfica”

ANUNCIO

Aprobación definitiva da modificación parcial da ordenanza fiscal reguladora da taxa por instalación de casetas de venda, espectáculos ou atraccións situadas en terreos de uso público, así como industria da rúa e ambulantes e rodaxe cinematográfica no Concello de Carral.(expediente en TEDEC 2024/G016/000003)

Acordo do Pleno do Concello de Carral, polo que se aproba definitivamente a modificación parcial da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por instalación de casetas de venda, espectáculos ou atraccións situadas en terreos de uso público, así como industria da rúa e ambulantes e rodaxe cinematográfica no Concello de Carral.

Ao non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o Acordo plenario provisional da entidade sobre a modificación parcial da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por instalación de casetas de venda, espectáculos ou atraccións situadas en terreos de uso público, así como industria da rúa e ambulantes e rodaxe cinematográfica no Concello de Carral, cuxo texto íntegro se fai público en cumprimento do artigo 17.4 do Texto Refundido da Ley Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

“Ordenanza reguladora da taxa por taxa instalación das casetas de venda, espectaculos ou atracción situadas en terreos de uso público, así como industria da rúa e ambulantes e rodaxe cinematográfica

Artigo 1.º -Fundamento e natureza

Facendo uso das facultades concedidas polos artigos 133. 2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime local e de conformidade co disposto co artigo 20.3.n) do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, este Concello establece a “ Taxa por postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atraccións ou recreo, situados en terreos de uso público e industrias da rúa e ambulantes e rodaxe cinematográfica.

Artigo 2.º -Feito imponible

Constitúe o feito imponible desta taxa a utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público mediante a instalación de postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atraccións situadas en terreo de uso público, así como industrias da rúa e ambulantes e rodaxe cinematográfica.

Artigo 3.º -Suxeito pasivo

Son suxeitos pasivos da taxa en concepto de contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, aos que se lles outorguen as licencias ou os que se beneficien do aproveitamento, se procedeu sen a oportuna autorización.

Artigo 4.º -Cota tributaria

A cota tributaria regulada nesta ordenanza será a que figura na seguinte tarifa:

Licencias ou permisos	Unidade de débeda	Importe dos dereitos (euros)		
		Por día	Por mes	Por trimestre
En xeral	m2 ou fracción	0,15 €	3,61 €	9,02 €

O Concello poderá establecer, para determinada tempada, os terreos municipais de uso público, nos que permitirá a instalación de teatros, cinematógrafos, circos ou outros espectáculos e adxudicar os ditos terreos mediante licitación, conforme ás vixentes normas de contratación municipal.

As adxudicacións faranse por tempada concreta, con expresión de data a data, e se a ocupación continuara pasado o último día, liquidaranse os días de prórroga proporcionalmente ó prezo ó que fose adxudicada.

Os dereitos fixados na tarifa anterior, así como o importe da adxudicación mediante subasta, entenderase pola concesión da ocupación, independentemente de que a actividade se leve ou non a cabo, polo que non poderá concederse bonificación ningunha por causa da choiva, restriccións no subministro de enerxía eléctrica ou calquera outra de forza maior.

1. As cantidades esixibles segundo a tarifa liquidaranse por cada aproveitamento solicitado ou realizado e serán irreducibles polo período de tempo autorizado.

2. a) As situacións, instalacións, postos, etc., poderán sacarse a licitación pública e o tipo de licitación en concepto de prezo público mínimo que servirá de base, será a contía fixada na tarifa desta ordenanza.

b) Procederase, con antelación á subasta, á formación dun plano dos terreos dispoñibles para ser subastados, numerando as parcelas que vaian ser obxecto de licitación e sinalando a súa superficie. Así mesmo, indicaranse as parcelas que poidan adicarse a coches de choque, circos, teatros, bares, restaurantes, polbeirías, xoieirías de fantasía, etc.

c) Se algún concesionario dos aproveitamentos empregase maior superficie que a que lle fose adxudicada en subasta ou autorizada na licencia, satisfará, por cada metro cadrado utilizado de máis, o 200 por 100 do importe da poxa ou licencia, ademais do importe do remate ou da contía fixada pola tarifa, respectivamente.

3. a) As persoas ou entidades interesadas na concesión de aproveitamentos regulados nesta ordenanza e non sacados a licitación pública deberán solicitar previamente a correspondente licencia, realiza-lo depósito previo a que se refire o artigo 5.2 a) seguinte e formular declaración na que conste a superficie que se pretende ocupar e da súa situación dentro do municipio.

b) Os servizos técnicos deste Concello comprobarán e investigarán as declaracións formuladas polos interesados, e concederanse as autorizacións de non atopar diferencias coas peticións de licencias; se se desen diferencias, notificaríanse aquelas ós interesados e xiraríanse, de se-lo caso, as liquidacións complementarias que procedesen, e concederíanse as autorizacións unha vez subsanadas as diferencias polos interesados e, de se-lo caso, realizados os ingresos complementarios que procedesen.

c) No caso de denegarse as autorizacións, os interesados poderán solicitar a este Concello a devolución do importe ingresado.

4. Non se consentirá ningunha ocupación da vía pública ata que se aboase e obtivese por parte dos interesados a licencia correspondente.

5. As autorizacións terán carácter persoal e non poderán ser cedidas ou subarrendadas a terceiros. O incumprimento deste mandado dará lugar á anulación da licencia, sen prexuízo das contías que corresponda aboar ós interesados.

4. Bis .- Non suxeición exencións e bonificacións

O Concello, mediante previa e preceptiva resolución indicando que unha determinada actividade a desenvolver nun espazo público é de interés xeral en beneficio da cidadanía poderá resolver a **non suxeición** á tasa cando o solicitante do espazo sexa **entidade sen ánimo de lucro** para actividades acordes cós fins da entidade .

Non se recoñecerá exención ou bonificación algunha, agás as expresamente previstas en normas con rango de Lei e as derivadas da aplicación de Tratados internacionais.

Serán gratuítas as autorizacións cando a utilización privativa o aproveitamento especial de bens de dominio público non conleve unha utilidade económica para a persoa (entidade , asociación ..) autorizada ou, inda existindo esa utilidade, a utilización ou aproveitamento supoña condicións ou contraprestacións para o beneficiario ou beneficiaria que anulen ou fagan irrelevante aquela,

Artigo 5.º .-Obriga de pagamento

1. Nace a obriga de realiza-lo pagamento da taxa por parte do contribuínte:

a) Tratándose de concesións de novos aproveitamentos da vía pública, no momento de solicita-la correspondente licencia.

b) Tratándose de concesións de aproveitamentos xa autorizados e prorrogados, o día primeiro de cada un dos períodos naturais de tempo sinalados na tarifa.

2. O pagamento da taxa realizarase:

a) Tratándose de concesións de novo aproveitamento, por ingreso directo na Tesourería municipal ou onde establecese o Concello, mais sempre antes de retira-la correspondente licencia.

Este ingreso terá carácter de depósito previo, de conformidade co disposto no artigo 26.1.a) Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais. e quedará elevado a definitivo ó concederse a correspondente licencia.

b) Tratándose de concesións de aproveitamentos xa autorizados e prorrogados, unha vez incluídas nos padróns ou matrículas deste prezo público, por semestres naturais, nas oficinas da Recadación municipal, desde o día 16 do primeiro mes do semestre ata o día 15 do segundo.

Disposición final

A presente ordenanza fiscal rexerá a partir da súa publicación do texto íntegro desta ordenanza no Boletín Oficial da Provincia e manterase vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.”

Contra o presente acordo, conforme ao artigo 19 do Texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, poderase interponer recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia con sede en A Coruña, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Ley 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdicción Contencioso-Administrativa

Carral, 23 de xaneiro de 2025

O Alcalde

Francisco Javier Gestal Pose

2025/438